



FUSIÓN, ABSORCIÓN OU DISOLUCIÓN DE SOCIEDADES E CLUBS INSCRITOS NO REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA

Instrucións para cumprimentar a documentación

O Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, *Decreto 85/2014 do 3 de xullo*, establece no artigo 20 que as inscricións dos actos que deban acceder ao Rexistro, neste caso as fusións ou disolucións de entidades **deberán inscribirse no referido Rexistro de Entidades Deportivas no prazo de 1 mes, contados a partir do día seguinte da súa aprobación.**

O art. 14.2 da *Ley 39/15 de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas*, en vigor dende o 2/10/2016, establece que **as comunicacións das persoas xurídicas, neste caso sociedades ou clubs de caza, deben realizarse telemáticamente a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia.**

A FGC para facilitar este labor ás entidades deportivas pon á súa disposición un Servizo de tramitación telemática, así como os diferentes documentos e impresos que deben remitir as sociedades e clubs para a actualización e modificación dos seus estatutos.

Dos impresos e documentos que se citan a continuación, segundo o caso do que se trate, as sociedades e clubs deberán **remitir 1 copia debidamente cumprimentada e firmada en orixinal á Federación de Caza, coidando que o nome da sociedade ou club figure exactamente igual (en todos os impresos, documentos e apartados) que nos Estatutos da Entidade (no caso de dúbida recoméndase consultar coa Federación).**

Para cumprimentar os impresos e documentos deberán seguirse as pautas que se indican a continuación, **nas que se diferencia entre entidades que se disolven para desaparecer como tales, podendo ocorrer que contén ou non con remanente no momento da súa disolución e aquelas outras que se disolven para integrarse noutra entidade con todos os seus socios e bens (os apartados a), b) e c) seguintes contemplan os tres supostos):**

a) **DISOLUCIÓN DUNHA ENTIDADE SEN REMANENTE:**

1. IMPRESO DE REPRESENTACIÓN. Cumprimentar o *Documento 1. Impreso de Representación* (Código de procedemento **PR946B**), polo que se autoriza á FGC para tramitar a Disolución dunha entidade sen remanente no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia; **debendo cumprimentarse unicamente os datos do outorgante**, indicando no apartado "*Nome/Razón Social*" o nome da Sociedade ou Club e o seu número de NIF (cif); e no apartado de "*E, na súa representación*" o nome e apelidos e nº de DNI do presidente da entidade.

Este documento deberá asinalo o presidente ou representante da entidade no apartado "sinatura da persoa outorgante".

2. CERTIFICADO DE DISOLUCIÓN DUNHA ENTIDADE "SEN REMANENTE". Certificado do secretario da Entidade, co visto e praxe do presidente, conforme na asemblea xeral extraordinaria da Entidade se adoptou o acordo de disolverse, indicando que no momento da disolución a entidade non dispoñía de ningún remanente económico (nin en tesourería nin bens patrimoniais). **Se no momento da disolución existira remanente económico (saldo en tesourería, patrimonio propio, etc.) deberán utilizarse os impresos 2 e 2b seguintes.**

Este documento deberá asinalo o presidente e secretario da entidade.

3. TAXA DE AUTOLIQUIDACIÓN. Á documentación anterior unirase o **Exemplar para a Administración** da Taxa de Autoliquidación da Comunidade Autónoma, que deberá facerse efectiva en ABanca, onde tamén facilitarán o correspondente impreso a cumprimentar (consultar códigos na FGC). O importe da taxa (Lei 6/2003, de 9 de decembro) está establecido nas Taxas da Comunidade Autónoma.

Tamén pode facerse efectiva na FGC e esta encargarse de realizar o correspondente ingreso ante Consellería de Facenda.

b) **DISOLUCIÓN DUNHA ENTIDADE CON REMANENTE:**

1. **IMPRESO DE REPRESENTACIÓN.** Cumprimentar o *Documento 1. Impreso de Representación* (Código de procedemento PR946B), polo que se autoriza á FGC para tramitar a Disolución dunha entidade con remanente no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia; **debendo cumprimentarse únicamente os datos do outorgante**, indicando no apartado “*Nome/Razón Social*” o nome da Sociedade ou Club e o seu número de NIF (cif); e no apartado de “*E, na súa representación*” o nome e apelidos e nº de DNI do presidente da entidade.

Este documento deberá asinalo o presidente ou representante da entidade no apartado “sinatura da persoa outorgante”.

2. **CERTIFICADO DE DISOLUCIÓN DUNHA ENTIDADE “CON REMANENTE”.** Certificado do secretario da Entidade, co visto e praxe do presidente, conforme na asemblea xeral extraordinaria da Entidade se adoptou o acordo de disolverse, **indicando o destino do remanente económico e/ou os bens patrimoniais que existen no momento da disolución así como os nomes das persoas que compoñerán a Comisión liquidadora da entidade.**

Este documento deberá asinalo o presidente e secretario da entidade.

2b) CERTIFICADO DE DESTINO DO REMANENTE Xunto coa certificación de disolución anterior (certificado de disolución dunha entidade **con remanente**) deberá aportarse certificación do secretario da Entidade, co visto e praxe do presidente, **no que se indique o destino do remanente económico e/ou bens patrimoniais. A estes efectos debe terse en conta que o remanente deberá destinarse a unha entidade, institución, etc., con fins semellantes aos da entidade que se dissolve, é dicir que o seu obxecto social sexa cinexético ou deportivo**

Este documento deberán asinalo os membros da comisión liquidadora.

3. **TAXA DE AUTOLIQUIDACIÓN.** Á documentación anterior unirase o **Exemplar para a Administración** da Taxa de Autoliquidación da Comunidade Autónoma, que deberá facerse efectiva en ABanca, onde tamén facilitarán o correspondente impreso a cumprimentar (consultar códigos na FGC). O importe da taxa (Lei 6/2003, de 9 de decembro) está establecido nas Taxas da Comunidade Autónoma.

Tamén pode facerse efectiva na FGC e esta encargarse de realizar o correspondente ingreso ante Consellería de Facenda.

c) **DISOLUCIÓN DUNHA ENTIDADE PARA INTEGRARSE (OU FUSIONARSE) NOOUTRA:**

1. **IMPRESO DE REPRESENTACIÓN.** Cumprimentar o *Documento 1. Impreso de Representación* (Código de procedemento PR946B), polo que se autoriza á FGC para tramitar a Disolución dunha entidade para integrarse noutra no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia; **debendo cumprimentarse únicamente os datos do outorgante**, indicando no apartado “*Nome/Razón Social*” o nome da Sociedade ou Club e o seu número de NIF (cif); e no apartado de “*E, na súa representación*” o nome e apelidos e nº de DNI do presidente da entidade.

Este documento deberá asinalo o presidente ou representante da entidade no apartado “sinatura da persoa outorgante”.

2. **CERTIFICADO DE DISOLUCIÓN DUNHA ENTIDADE PARA INTEGRARSE NOOUTRA.** Certificado do secretario da Entidade **que se dissolve**, co visto e praxe do presidente, conforme na asemblea xeral extraordinaria da Entidade se adoptou o acordo de disolverse para integrarse (ou fusionarse) noutra entidade, indicando a data da asemblea e a nova entidade na que se integra con todos os seus socios, bens patrimoniais, etc.

Este documento deberá asinalo o presidente e secretario da entidade.

3. **CERTIFICADO DE INTEGRACIÓN.** Certificado do secretario da Entidade **que absorve os socios da disolta**, co visto e praxe do presidente, conforme na asemblea xeral extraordinaria se adoptou o acordo de asumir os socios, bens patrimoniais, etc **da entidade disolta**, indicando a data da asemblea.

Este documento deberá asinalo o presidente e secretario da entidade.

4. **TAXA DE AUTOLIQUIDACIÓN.** Á documentación anterior unirase o **Exemplar para a Administración** da Taxa de Autoliquidación da Comunidade Autónoma, que deberá facerse efectiva en ABanca, onde tamén facilitarán o correspondente impreso a cumprimentar (consultar códigos na FGC). O importe da taxa (Lei 6/2003, de 9 de decembro) está establecido nas Taxas da Comunidade Autónoma. Tamén pode facerse efectiva na FGC e esta encargarse de realizar o correspondente ingreso ante Consellería de Facenda.